



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

## PROXECTO LECTOR

1/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

# PROXECTO LECTOR DE CENTRO

### 1. Análise da situación da lectura e da escritura no centro

- Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.
- Identificación de logros e dificultades.
- Análise das metodoloxías empregadas
- Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos
- Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

### 2. Obxectivos, fundamentos e organización:

- Formación de lectores competentes.
  - Creación e consolidación de hábitos de lectura.
  - O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. *Literacidade*. Competencia lectora. Competencia literaria.
  - Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.*
  - Metodoloxías máis axeitadas.
  - Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.
  - A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. Recursos culturais do entorno (bibliotecas e outros)
  - Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.
  - Modo de difusión e apoios necesarios

### 3. Intervencións que cómpre sistematizar:

- Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas
- Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas
- Actividades de educación documental (educación en información).

#### Integración das TIC

- Implicación das familias e do entorno

### 4. Criterios e procedementos de avaliación

- Elaboración de instrumentos
- Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

## PROXECTO LECTOR

2/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

### 1. Análise da situación da lectura e da escritura no centro

1.4- Recursos materiais e humanos:situación da biblioteca escolar e outros recursos.

#### 1.4.1 - ANÁLISE DE FONDOS E EXISTENCIAS

Unha das prioridades é que a nosa biblioteca poida ser usada eficazmente e cubra as necesidades básicas dos nosos alumnos dos diferentes niveis educativos. Unha vez analizados os fondos e existencias, dámonos conta de que moitos deles, especialmente obras de consulta, non están actualizados. Son obras enciclopédicas adquiridas hai máis de dez anos e non contemplan loxicamente tódolos cambios históricos e políticos acontecidos ata o momento.

Tamén nos damos conta analizando as fichas de reserva de libros de lectura, que hai moitas coleccións e mesmo títulos, que apenas son demandados polos alumnos e nos fan supoñer que non son do seu interese.

Cómpre establecer os criterios de selección, expurgo e adquisición de novos fondos.

### 2. Obxectivos, fundamentos e organización:

#### 2.1 Obxectivos

- Fomentar o gusto pola lectura.
- Descubrir o pracer de ler.



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

### PROXECTO LECTOR

3/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

- Gozar da lectura.
- Implicar ás familias na animación á lectura.
- Favorecer a expresión oral e escrita.
- Describir a beleza da linguaxe.
- Dinamizar espazos para a lectura no centro escolar.
- Crear tempos para a lectura durante as clases.

## 2.2 Fundamentos

### 2.2.1 - ¿Qué entendemos por lectura?

No eido da lectura destacamos catro funcións fundamentais para a vida:

- A lectura serve para informarnos.
- A lectura serve para aprender.
- A lectura serve para gozar.
- A lectura serve para opinar.

Ó longo das diferentes etapas educativas, de infantil a secundaria, a lectura está sempre presente, de diferentes xeitos:

- Hai que aprender a ler.
- Hai que comprender o que se lee.
- Hai que empregar a lectura como medio didáctico.
- Hai que comprender que a lectura forma parte da cultura.
- Hai que valorar a lectura como un novo lecer.
- Hai que valorar a lectura como base da nosa expresión- comunicación.

### 2.2.2 Formación de lectores

Entendemos que un lector competente é aquel que busca para decidir; valora e selecciona; lee comprensivamente; sabe interpretar o que lee; é quen de emitir xuízos críticos; reformula e transforma contidos; escribe para expresarse e comunicarse.

Os profesores temos que dar resposta ós diferentes niveis e intereses lectores, ofrecéndolles distintas situacións de lectura. Como responsables da súa educación temos que:

- Dar sentido o feito de ler e escribir.
- Unir propósitos didácticos e comunicativos.
- Aumentar os tempos de lectura individual e en grupo.

En resumo, temos que fomentar o gusto por a lectura.

### 2.2.3 Fomentar o gusto pola lectura

Para estimular o hábito de lectura necesítanse tempo e constancia. Cómpre tamén concretar o que é animar e o que non é animar a lectura.



Animar a ler non é:

- Unha actividade aillada e concibida para entreterse.
- Un traballo sobre libros.
- Un exercicio para o control de lectura.
- Unha tarefa obrigatoria.

Animar a ler é:

- Unha programación con accións e propostas interesantes.
- Unha achega aos alumnos.
- Un vínculo directo coa escritura.

#### 2.2.4 Principios xerais do Proxecto Lector

- O fomento da lectura é tarefa de todos os que teñan responsabilidades na educación: pais e profesores.
- A lectura é materia transversal de todas as áreas do currículo e ferramenta indispensable para a aprendizaxe.
- O alumnado debe ler na clase durante as horas lectivas, de forma individual e colectiva, materiais de todo tipo e en todas as áreas.
- A lectura debe ter relación coa escritura e a expresión oral, polo que debemos traballalas de forma conxunta.
- Os ciclos e departamentos fixaran as actividades que se van a desenvolver nos distintos cursos.
- As campañas de fomento da lectura serán aprobadas por todo o Claustro.
- Hai que potenciar e dinamizar a biblioteca do Centro e as bibliotecas de aula.
- Sobre o tempo: o tempo adicado a lectura débese programar e organizar. En tódalas materias débese engadir no currículo (como obxectivo e co seu correspondente criterio de avaliación) un tempo de lectura. Un sesión do amencer semanal será para lectura libre. Nas horas de garda, a lectura será unha das actividades posibles xunto co estudio ou facer as tarefas. Debe haber un tempo específico adicado a lectura no ámbito familiar. Que será consensuado entre a escola e os pais.
- Sobre a cantidade: Máis importante que a cantidade o que importa é a calidade da lectura, para que poidan comprender mellor o que leen, e poidan atopar esa finalidade lúdica, pracenteira e de gozo que posúe a lectura. Por tanto é necesario valorar qué temas e formatos son os que máis interesan os nosos alumnos, para atraelos e "engánchalos" á lectura. Por iso deberase poñer á disposición do alumnado variedade de xéneros e soportes (TiCs).
- Sobre a obrigatoriedade: ¿hai que obrigar á lectura ou deixar que os alumnos escollan libremente ler e qué ler? Este é un tema controvertido e por tanto acordamos que cada ciclo e departamento escolla unha opción ou a outra atendendo o curso, o nivel e os intereses do alumnado. Non obstante, non debemos esquecer que aínda que iguais somos todos diferentes, con gustos distintos, con ritmos de aprendizaxe diversos, con intereses diferentes... obrigar



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

### PROXECTO LECTOR

5/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

a todos a o mesmo non sempre funciona, porque cada persoa é un mundo. Será obrigatorio incluír dentro dos criterios de avaliación de tódalas áreas e etapas algún relacionado coa comprensión lectora.

#### 2.3 O lector que queremos conseguir.

Ler é moito máis que interpretar o que un autor escribe, ler é tamén recrearse na linguaxe escrita, percibir novas sensacións que poden modificar a idea que se tiña anteriormente das cousas. Ler por tanto é un acto complexo que non se limita só o libro; cómpre capacitar o lector para que saiba interpretar e ser crítico con todas as mensaxes, sexan do tipo que sexan

Na sociedade da información e da comunicación producíronse profundos cambios que non só afectan ós novos soportes e formatos, senón sobre todo as novas formas de construír e estruturar os saberes. Estes cambios provocan unha nova idea do lector: **o lector polivalente** que se manifesta nunha serie de competencias:

- Posúe actitudes para utilizar diferentes formas de lectura: lectura silenciosa, en voz alta, expresiva, rápida, selectiva, lenta.
- Posúe actitudes para apropiarse de diferentes tipos de textos e escritos, de comprender as súas mensaxes, o seu sentido e o vocabulario que emprega: textos literarios, científicos, técnicos, descritivos, argumentativos, ect.
- É quen de ler en diferentes soportes: xornais, enciclopedias, pantallas de ordenador, diapositivas, cine, ect.
- Constrúe proxectos de lectura con motivacións variadas: ler por pracer, por gozo, por interese ou por necesidade.

Asumir estes modelos de lectura e de lector significan tomar conciencia de que a lectura é un proceso que se inicia en Educación Infantil e prolóngase ata os últimos cursos da ESO, e por suposto ó longo da vida.

Por último, este proceso de formación lectora e promoción da lectura non pode ser asumido exclusivamente por os profesores de lingua e literatura, senón que atinxe a todo o equipo docente e incluso a familia.

#### 2.4 A biblioteca: na escola, na aula, na cidade.

##### 2.4.1 A biblioteca escolar

O noso obxectivo fundamental é o de integrar á biblioteca do centro na vida escolar, conseguir que toda a comunidade (alumnos, profesores, pais) teña unha presenza máis activa neste espazo. En resumo: volverlle a vida á biblioteca e darlle, por certo, máis relevancia á lectura, animar á lectura.



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

### PROXECTO LECTOR

6/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Un primeiro paso a dar é o de transformar este espazo nun lugar atractivo, acoledor, que invite ó goce. Hoxe en día somos conscientes de que a biblioteca non cumpre estes requisitos: o espazo non permite a mobilidade, os fondos non están ó alcance dos alumnos, a atmosfera é bastante triste e gris. O acceso as novas tecnoloxías como ordenadores con acceso a internet para facilitar a consulta ós rapaces debe ampliarse.

Algunhas propostas de interese para a nosa biblioteca son:

- Ampliación dos estantes: poñer un novo estante para tódolos materiais audiovisuais do colexio.
- Colocación de paneis de corcho nas paredes: onde poderemos decorar con debuxos dos alumnos, salientar novidades, facer recomendacións...
- Redistribución dos materiais bibliográficos nos estantes, atendendo ás diferentes etapas e niveis educativos (ciclos de Educación Primaria e Secundaria). Deixaríase un estante enteiro para os fondos de consulta xerais: enciclopedias, manuais, atlas, anuarios...
- Accesibilidade aos fondos: que os alumnos podan collelos directamente sen obstáculos.
- Creación dun espazo para a organización e xestión da biblioteca que chamaremos o "recuncho do bibliotecario".
- Creación dun espazo para os alumnos de Educación Infantil. Este punto parécenos de especial importancia xa que é nestas idades nas que hai que facer un esforzo especial para que os alumnos teñan coñecemento do mundo da lectura e do libro dende o inicio da súa vida escolar. Este espazo deberá coidarse especialmente, de xeito que resulte cómodo e atractivo para os nenos.
- Dotación de ordenadores. Son precisos, tanto para a catalogación dos fondos como para que os alumnos poidan facer consultas, dos materiais que teñen na biblioteca, así como da información xeral e enciclopedias virtuais que ofrece hoxe a rede.

#### 2.4.2 A biblioteca de aula

Xa que os nosos alumnos permanecen a maior parta do tempo na mesma aula, cómpre que na mesma existan fondos atractivos que poidan consultar, empregar e levar a casa.

Estas bibliotecas de aula disporán de fondos de diversa orixe: proporcionados por o colexio, por os profesores ou cedidos por os propios alumnos durante o curso escolar.

O estado destas bibliotecas de aula dependerá directamente do profesor-titor da aula correspondente. Este deberá levar constancia dos libros, deberá actualizala, deberá controlar o préstamo domiciliario. Os cursos máis capacitados por idade poderán exercer funcións, por quendas, ao longo do curso, de bibliotecario, de catalogación de fondos...

#### 2.4.3 A biblioteca na cidade

O noso centro está inmerso nun espazo urbano concreto, a cidade de Lugo, e por tanto é importante coñecer e empregar os servizos que ofrece a nosa cidade.



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

## PROXECTO LECTOR

7/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Por outra banda, nalgún momento da vida escolar será preciso que os alumnos a visiten, xa sexa por lecer ou necesidade, a hora de ampliar os seus coñecementos.

En Lugo existen dúas bibliotecas públicas, unha está afincada en Ramón Ferreiro e a outra no parque de Frigsa. Ámbalas dúas ofrecen servizos de lectura en sala, préstamo domiciliario, consulta de publicacións periódicas e servizos de fonoteca, cinemateca e hemeroteca. Relacionado coa literatura infantil e xuvenil fan obradoiros de animación a lectura e contacontos.

Existen tamén bibliotecas especializadas, a Universitaria "Intercentros" e tamén outras bibliotecas vinculadas con organismos públicos, a Deputación Provincial; e con asociacións privadas, o Círculo das Artes.

Na nosa escola está sistematizada unha visita a biblioteca Ramón Ferreiro na que os alumnos coñecen a mesma e o seu funcionamento.

### 2.5. Coordinación do proxecto.

A Comisión Pedagóxica é a encargada de elaborar o Proxecto Educativo de Centro (PEC) do que forma parte este Proxecto Lector. Dentro de esta Comisión Pedagóxica fixéronse equipos de traballo, para elaborar os diferentes apartados do PEC. Intentouse que nestes equipos de traballo houbera representación das diferentes etapas educativas. Por tanto o equipo que elaborou este Plan Lector está formado: Amadeo Fernández (xefe de estudos de Primaria), Irene Freije (Orientadora de Infantil), Juncal Carreira (coordinadora do departamento Artístico) e Reyes González (coordinadora do departamento de letras).

#### 2.5.1 Participación do profesorado. Modo de organización.

Para que os obxectivos deste proxecto lector se cumpran cómpre que todo o profesorado participe nel. Todo o profesorado deberá de sistematizar nas súas áreas actividades de animación á lectura, visita a biblioteca, creación de bibliotecas de aula e emprego da lectura como ferramenta pedagóxica.

Dende os ciclos e os departamentos coordinaranse estas actividades de xeito horizontal e vertical.

### 2.6 Modo de difusión e apoios necesarios

Primeiro farase un claustro informativo para dar a coñecer o Proxecto Lector, seguidamente, arquivarase no servidor do Centro, para que no período dun mes o profesorado o poda consultar. Finalmente o Proxecto Lector deberá ser aprobado polo Claustro.

Cada novo curso escolar informara nun Claustro das novidades que poda ter este Proxecto Lector.

### 3.- Intervencións que cómpre sistematizar



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

### PROXECTO LECTOR

8/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Ao longo de todas as etapas educativas ensinaranse estratexias de comprensión lectora en tódalas áreas e fomentaranse os hábitos de lectura. Así mesmo, potenciaranse actividades de integración das Tics que dinamicen o mundo da lectura. Outro obxectivo será a implicación das familias e do entorno do centro na creación dun hábito lector do alumno.

Nas programacións curriculares de cada materia especificaranse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxías para traballar as diversas competencias como a : lingüística, lectora, cultural,...

Sen embargo cómpre sistematizar unha serie de dinámicas a nivel escolar que teñen como finalidade acadar os obxectivos deste plan lector e que imos concretar a continuación.

#### 3.1- A Semana do Libro

#### 3.2- As Letras Galegas

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica potenciarase o traballo desta festividade a partir das competencias básicas e facendo unha coordinación vertical dende infantil ata secundaria. O seguimento deste traballo farase dende os ciclos e os departamentos. E cada curso escolar terase en conta a persoa que se conmemora este día e un tema concreto, como por exemplo a oralidade.

Este traballo ten moita relación coa lectura porque para levalo a cabo cómpre ler, expoñer, redactar, imaxinar, etc, moitas das accións que aparecen nos nosos obxectivos do Plan Lector.

#### 3.3- A Biblioteca

Coa finalidade de facer deste espazo, a biblioteca do noso centro, un lugar activo e atractivo para os rapaces, cómpre organizar o seu emprego. Deberase realizar unha visita por cada materia e curso durante o ano. Estas visitas haberá que preparalas e sistematizalas coa finalidade de darlles un sentido e que non se repitan nin datas nin tarefas.

A Biblioteca do centro é o lugar idóneo para desenvolver e expoñer actividades relacionadas coa animación á lectura.

Tamén pode ser un lugar axeitado para o estudo e para a elaboración de traballos individuais e en grupo.

Existirá un horario flexible para que os alumnos e os pais e a comunidade escolar poda acudir e participar dos servizos que oferta a biblioteca: préstamo a domicilio, sala de lectura, etc.

En cada clase é importante e obrigatorio a existencia dunha biblioteca de aula que deberá evolucionar en función das necesidades: purgas, novas adquisicións,...



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

### PROXECTO LECTOR

9/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

#### 3.4- Campañas de Animación á Lectura

Con esta campaña propónselle aos alumnos que participen e colaboren activamente na campaña de animación á lectura. A finalidade é que os alumnos de 1º ESO promovan a lectura entre o resto dos compañeiros do centro, elaborando trípticos, murais, marcapáxinas, enquisas e as portadas e contraportadas de libros imaxinarios.

Na Semana do Libro todo o material realizado por estes alumnos será exposto nas instalacións do centro.

Outra proposta foi o *Pasaporte do Lector* que consiste nun carné de viaxe no que cada vez que se remata unha lectura opcional pónselles un selo no mesmo. Para obtelo selo teñen que cumprimentar unha ficha de lectura, para comprobar que o libro foi lido.

#### 4. Criterios e procedementos de avaliación

Todos estes proxectos que forman parte do Plan Lector deben ser avaliados co obxectivo de manter aquelas actividades que funcionan positivamente e ir cambiando as que teñan un resultado negativo. Así mesmo cómpre sinalar que o Plan Lector é un proxecto aberto e flexible no que cada curso escolar poderanse engadir novas actividades.

##### 4.1 Elaboración de instrumentos

A Comisión de Coordinación Pedagóxica é a encargada da elaboración deste Plan Lector. Para isto foi necesario establecer un grupo de traballo que será o responsable activo deste proxecto. Este poderá cambiar co tempo.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será a encargada de avaliar o funcionamento do Plan Lector. Para iso será necesario que previamente dende os ciclos infantil e primaria e os departamentos de Secundaria se faga unha análise dos resultados (positivos e negativos) e das necesidades relacionadas coa lectura nestas etapas.

A partir do resultado desta avaliación a Comisión de Coordinación Pedagóxica dinamizará os cambios do Plan Lector, que deberán ser aprobados polo Claustro de profesores.

O Plan Lector estará aberto as aportacións dos equipos de traballo do noso centro: Equipo de Animación, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Innovación, Equipo TIC, Equipo do Plurilingüísmo, Equipo ERE...

##### 4.2 Comunicación ao Claustro

Para que este Plan Lector entre en vigor deberá ser aprobado por unha maioría de profesores. Antes de facer a votación que o Claustro coñeza as características deste



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

## PROXECTO LECTOR

10/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

proxecto polo que se fará unha presentación cunha síntese do mesmo, deixarase unha copia no servidor para que se poda consultar e farase unha votación final.

O comezo de cada curso farase un proxecto do ano académico no que se concreten as actividades a desenvolver relacionadas co Plan Lector. Iste Proxecto avaliarase a final do curso empregando os instrumentos sinalados anteriormente.